

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL TOURO

Anuncio aprobación definitiva expediente 2024/T002/000016. Modificación de créditos segunda baixo a modalidade de suplemento de crédito

EXPEDIENTE 2024/T002/000016. Modificación de créditos segunda baixo a modalidade de suplemento de crédito.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado en sesión ordinaria de data 14 de novembro de 2024, sobre o expediente de modificación de créditos n.º 2024/T002/000016, segundo baixo a modalidade de suplemento de crédito por importe de 63.006,91 euros, como segue a continuación:

Orzamento de ingresos

Capítulo	Denominación	Previsións iniciais	Suplemento de crédito	Previsións definitivas
1	Impostos directos	768.129,31 €	0,00 €	768.129,31 €
2	Impostos indirectos	27.000,00 €	0,00 €	27.000,00 €
3	Taxas e outros ingresos	239.508,00 €	0,00 €	239.508,00 €
4	Transferencias correntes	2.258.155,02 €	0,00 €	2.258.155,02 €
5	Ingresos patrimoniais	0,00 €	0,00 €	0,00 €
6	Enaxenación inversións reais	0,00 €	0,00 €	0,00 €
7	Transferencias de capital	590.300,20 €	0,00 €	590.300,20 €
8	Activos financeiros	0,00 €	63.006,91 €	664.488,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL		3.883.092,53 €	63.006,91 €	3.946.099,44 €

Orzamento de gastos

Capítulo	Denominación	Créditos iniciais	Suplemento de crédito	Créditos definitivos
1	Gastos de persoal	1.055.636,06 €	0,00 €	1.055.636,06 €
2	Gastos en bens e servizos	1.803.767,50 €	0,00 €	1.803.767,50 €
3	Gastos financeiros	400,00 €	0,00 €	400,00 €
4	Transferencias correntes	205.300,00 €	0,00 €	205.300,00 €
5	Fondo de Continxencia	0,00 €	0,00 €	0,00 €
6	Inversións reais	787.788,97 €	63.006,91 €	850.795,88 €
7	Transferencias de capital	32.100,00 €	0,00 €	32.100,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
9	Pasivos financeiros	100,00 €	0,00 €	100,00 €
TOTAL		3.883.092,53 €	63.006,91 €	3.946.099,44 €

Contra o presente acordo, en virtude do que se dispón no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do que se establece no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si só a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Touro, 13 de decembro de 2024

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

2024/9030